

A N U N C I O

Ao non producirse reclamacións contra a aprobación inicial das ordenanzas fiscais municipais, aprobadas pola Corporación Municipal en sesión plenaria do 29 de novembro de 2.011 quedan elevados os acordo a definitivos ,cuios téxtos íntegros son os seguintes:

**“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA
DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓN DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL
DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

ARTIGO 1. – FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20.3 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ponteareas establece a Taxa pola utilización privativa das dependencias e instalacións do Centro de Desenvolvemento Local.

ARTIGO 2. – FEITO IMPOÑIBLE

O feito imponible está constituído pola utilización e aproveitamento de bens de uso público local para a realización das seguintes actividades:

- Cursos
- Seminarios
- Conferencias
- Reunións
- Outras análogas

ARTIGO 3. – SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que preste ou realice o Concello a través do Centro de Desenvolvemento Local.

ARTIGO 4. – RESPONSABLES

1. – Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

2. – Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. – COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada na tarifa contida no cadro seguinte, de acordo coas características da aula e do equipamento empregado, diferenciando entre:

- a) Aula branca: cobre os custos derivados do uso da aula con equipamento básico (proxector de transparencias, vídeo, mobiliario) así como os xerais (electricidade, calefacción, limpeza e conserxe) necesarios para o bo funcionamento de actividade docente.
- b) Aula informatizada: cobre os custos derivados do uso da aula con equipamento básico (proxector de transparencias, vídeo, mobiliario), equipamento informático (ordenadores persoais, impresoras e periféricos, aplicacións informáticas básicas, sistemas operativos e paquetes integrados de ofimática), así como os xerais (electricidade, calefacción, limpeza e conserxe) necesarios para o bo funcionamento de actividade docente.

- c) Aula taller: cobre os custos derivados do uso da aula con equipamiento básico (proxector de transparencias, vídeo, mobiliario), equipamiento específico relacionado co oficio ou profesión que se vai impartir (como, entre outros, medio ambiente, enerxías alternativas, construción, madeira, sanitaria...), así como os xerais (electricidade, calefacción, limpeza e conserxe) necesarios para o bo funcionamento de actividade docente.

AULA 1 Informatizada	Taxa en euros/ hora	Taxa en euros/ día	Taxa en euros/semana	Taxa en euros/mes
<i>Sociedades mercantís e colectivos comerciais</i>	11,63	58,15	232,6	930,04
<i>Sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais e iniciativas locais de emprego. Asoc. empresariais e sindicais...</i>	5,81	29,05	116,20	464,80
<i>Administración e organismos públicos. Entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións da localidade</i>	Exentos			

AULA 2 Informatizada	Taxa en euros/ hora	Taxa en euros/ día	Taxa en euros/semana	Taxa en euros/mes
<i>Sociedades mercantís e colectivos comerciais</i>	12,44	62,20	248,80	995,20
<i>Sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais e iniciativas locais de emprego. Asoc. empresariais e sindicais</i>	6,22	31,1	124,40	497,60
<i>Administración e organismos públicos. Entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións da localidade</i>	Exentos			

AULA 3 Audiovisuais	Taxa en euros/ hora	Taxa en euros/ día	Taxa en euros/semana	Taxa en euros/mes
<i>Sociedades mercantís e colectivos comerciais</i>	11,24	56,20	224,80	899,20
<i>Sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais e iniciativas locais de emprego. Asoc. empresariais e sindicais...</i>	5,62	28,1	112,4	494,6
<i>Administración e organismos públicos. Entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións da localidade</i>	Exentos			

AULA 4 Taller	Taxa en euros/ hora	Taxa en euros/ día	Taxa en euros/semana	Taxa en euros/mes
<i>Sociedades mercantís e colectivos comerciais</i>	13,40	67,00	268,00	1.072,00
<i>Sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais, iniciativas locais de emprego. Asoc. Empresariais e sindicais...</i>	6,70	33,50	134,00	536,00
<i>Administración e organismos públicos. Entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións da localidade</i>	Exentos			

AULA 5 Taller	Taxa en euros/ hora	Taxa en euros/ día	Taxa en euros/semana	Taxa en euros/mes
<i>Sociedades mercantís e colectivos comerciais</i>	13,74	68,70	274,80	1.099,20
<i>Sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais, iniciativas locais de emprego. Asoc. empresariais e sindicais...</i>	6,87	34,35	137,40	549,60
<i>Administración e organismos públicos. Entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións da localidade</i>	Exentos			

AULA 6 Branca	Taxa en euros/ hora	Taxa en euros/ día	Taxa en euros/semana	Taxa en euros/mes
<i>Sociedades mercantís e colectivos comerciais</i>	12,90	64,50	258,00	1.032,00
<i>Sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais, iniciativas locais de emprego. Asoc. empresariais e sindicais...</i>	6,45	32,25	129,00	516,00
<i>Administración e organismos públicos. Entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións da localidade</i>	Exentos			

AULA 7 Taller	Taxa en euros/ hora	Taxa en euros/ día	Taxa en euros/semana	Taxa en euros/mes
<i>Sociedades mercantís e colectivos comerciais</i>	13,54	67,80	270,80	1.083,20
<i>Sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais e iniciativas locais de emprego. Asoc. empresariais e sindicais...</i>	6,77	33,85	135,40	541,60
<i>Administración e organismos públicos. Entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións da localidade</i>	Exentos			

AULA 8 Taller	Taxa en euros/ hora	Taxa en euros/ día	Taxa en euros/semana	Taxa en euros/mes
<i>Sociedades mercantís e colectivos comerciais</i>	14,00	70,00	280,00	1.120,00
<i>Sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais e iniciativas locais de emprego. Asoc. empresariais e sindicais...</i>	7,00	35,00	140,00	560,00
<i>Administración e organismos públicos. Entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións da localidade</i>	Exentos			

ARTIGO 6.—DEVENGO

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se solicite a utilización das dependencias e instalacións para as actividades obxecto desta ordenanza.

ARTIGO 7. – PAGAMENTO

A taxa deberá ingresarse antes de iniciar a utilización do servizo ou a prestación solicitada, mediante autoliquidación. Deberá ingresarse a débeda resultante no lugar determinado no impreso de autoliquidación que lle será facilitado polo servizo municipal xestor da prestación.

O ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e quedará elevado a definitivo ao concederse a autorización correspondente. As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas a terceiros. O incumprimento deste condicionante dará lugar a anulación da autorización.

No suposto de denegarse a autorización, o Concello procederá á devolución do importe ingresado.

ARTIGO 8 . – NORMAS DE XESTIÓN

1. – As persoas ou entidades interesadas na realización do servizo ou actividade deberán solicitala formulando a oportuna declaración que conterà calquera circunstancia que sexa necesario considerar. Así mesmo, achegarán os documentos que se lles requiran.

2. – Xunto coa presentación da solicitude ingresará o importe correspondente ao servizo ou actividade, achegando a aquela o xustificante do dito ingreso formalizado.

2. – De non recibirse con corenta e oito horas de anticipación ao inicio da actividade o comprobante bancario do seu ingreso, a Dirección do centro disporá libremente do local solicitado, considerando que o usuario renuncia a este.

3. – Se por calquera circunstancia, o solicitante se atopase na necesidade de suspender o acto, unha vez efectuado o ingreso, deberá comunicalo para fixar unha nova data.

4. – No caso de que o Centro de Desenvolvemento Local, ou o Concello de Ponteareas, necesitase as instalacións concedidas, deberá notificarllo ao solicitante coa suficiente antelación para buscar unha nova data de realización.

5. – De conformidade co previsto no artigo 24.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza fiscal se producisen desperfectos nas dependencias ou instalacións, os titulares das licenzas ou os obrigados ao pagamento estarán obrigados ao reintegro total dos gastos de reparación de tales desperfectos ou a reparar os danos causados, que serán, en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados. Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada na contía igual ao valor dos bens destruídos ou igual ao do importe do deterioro dos danados.

7. – O horario de utilización das instalacións autorizadas será de luns a venres, das 8 ás 20:30 horas. En caso de que o acto se prolongase en xornada normal (de luns a venres), incrementarase o prezo público en 6,14 euros a hora. Se a actividade se realizase en día festivo ou fin de semana, a taxa incrementarase en 12,28 euros a hora.

ARTIGO 9 . – OUTRAS OBRIGACIÓNS

O Concello de Ponteareas, por medio do órgano encargado da administración desta taxa, poderá esixir un depósito previo á utilización das instalacións para responder, se é o caso, dos desperfectos que se poidan producir nas instalacións, equipos, enseres e materiais do Centro de Desenvolvemento Local. Este depósito poderase constituír en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguros. Devolverase o seu importe, logo do informe do responsable do centro, no que conste que non se causaron danos ou que estes foron reparados.

ARTIGO 10 . – INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 11º.–EXENCIONES E BONIFICACIONES

Concederáselles a exención do pagamento das taxas ás Administracións públicas e aos seus organismos, así como ás entidades sen ánimo de lucro: asociacións e fundacións con sede na localidade e inscritas no Rexistro de Asociacións.

Concederáselles bonificacións do 50% nas taxas ás asociacións empresariais e sindicais e ás sociedades de economía social: cooperativas, sociedades anónimas laborais e iniciativas locais de emprego.

Poderanse formalizar convenios con entidades constituídas para o desenvolvemento local sen ánimo de lucro e integradas en máis dun 50 por 100 por Administracións públicas; asociacións sen ánimo de lucro; federacións e unións empresariais e sindicais, cando leven a cabo actuacións e programas de interese local, nos que se determine a utilización das dependencias do Centro de Desenvolvemento Local como contribución do Concello nas referidas actuacións.

Disposición derradeira

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Disposición adicional

A presente ordenanza fiscal foi aprobada en sesión plenaria do Concello de Ponteareas levada a cabo o día 29 de novembro de 2011’-

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIONES DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ARTIGO 1.–FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 20.3 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ponteareas establece a Taxa pola utilización privativa das dependencias e instalacións do Auditorio Municipal.

ARTIGO 2.–FEITO IMPOÑIBLE

O feito imponible está constituído pola utilización e aproveitamento de bens de uso público local para a realización das seguintes actividades:

- Representacións teatrais ou musicais
- Concertos
- Festivais
- Conferencias
- Exposicións
- Outras análogas

ARTIGO 3.–SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que preste ou realice o Concello a través do Auditorio Municipal.